

ASISTENTES:

Presidente:

Dona Milagros Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 29 de marzo de 2019, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 22 de marzo de 2019, ten lugar a XXX sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión do 26 de febreiro de 2019.

Constátase o envío da acta da sesión XXIX. Estando conformes todos os membros presentes apróbbase por asentimento.

3º.- Información sobre expediente RSCTG 24/2019.

Dáse conta da resolución pola Presidenta da Comisión do expediente RSCTG 24/2019, que inadmitiuse por extemporáneo, e resolveuse en virtude da delegación de competencias do 30 de maio de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo de 2017).

4º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Constatase polo Secretario da Comisión que por erro mecanográfico, non se incluíu na orde do día o expediente RSCTG 17/2019. Dado que o expediente e a súa correspondente proposta estivo a disposición dos membros da Comisión, propónse a súa aprobación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, proposta que é aceptada por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido da Resolución
C/116/18	Acordase solicitar informe complementario Consellería de Sanidade
C/141/18	Desestimada
C/4/19	Inadmitida
C/17/19	Desestimada
C/19/2019	Desestimada
C/20/19	Estimacion Motivos formais
C/21/19	Dilixencia pasa a queixa
C/22/19	Inadmitida
C/23/19	Estimación por motivos formais
C/25/19	Inadmitida
C/26/19	Inadmitida

Nº	Sentido da Resolución
C/27/19	Inadmitida
C/28/19	Inadmitida
C/29/19	Inadmitida
C/30/19	Inadmitida
C/31/19	Inadmitida
C/32/19	Desestimada
C/33/19	Acordase solicitar informe á Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional
C/34/19	Estimado formal
C/35/19	Estimación Parcial
C/36/19	Inadmitida

5º.- Información sobre a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a resolución da Comisión de Transparencia de Galicia no expediente RSCTG 123/2018.

Infórmase aos membros da Comisión da interposición de recurso contencioso-administrativo polo Colexio Oficial de Enfermería de A Coruña contra a resolución da reclamación RSCTG 123/18 e o seu estado de tramitación.

Así mesmo infórmase aos membros da Comisión da interposición de recurso contencioso-administrativo por Canteira do Penedo, S.A. contra a resolución da reclamación RSCTG 118/18 e o seu estado de tramitación.


6º Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase celebrar a seguinte reunión o 2 de maio de 2019 ás 12.00 horas.

6º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13.40 horas da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.


Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia


Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia